

Maneiro presenta o seu último disco, 'Un bonito despertar', en sete localidades galegas

O cantante e compositor actuará nos meses de febreiro e marzo en salas de concertos e teatros de Boiro, Ourense, A Coruña, Lugo, Vigo, Ferrol e Pontevedra; e as entradas están á venda desde hoxe a través das plataformas www.enterticket.es e www.ataquilla.com



17 de xaneiro de 2024.- Javi Maneiro iniciará no mes de febreiro a xira de presentación do seu último álbum, *Un bonito despertar*, por teatros e salas de concertos de Galicia. O cantante e compositor dará así a coñecer o seu cuarto disco, publicado a pasada primavera e que agora por fin poderá compartir ao vivo, plenamente, co público galego.

En total serán catro fins de semana nas que Maneiro visitará sete localidades galegas. A xira, que conta co apoio da Xunta de Galicia, comezará o 3 de febreiro en **Boiro** e, ao día seguinte, o domingo 4, o cantante desprazarase a **Ourense**. Despois do Entroido, *Un bonito despertar* presentárase no Playa Club de **A Coruña** o sábado 17, mentres que na Sala Jagger de **Lugo** o directo terá lugar o domingo 18. Xa de cara á fin de semana seguinte, Maneiro estará no Master Club de **Vigo** (sábado 24) e no Centro Torrente Ballester de **Ferrol** (domingo 25). Finalmente, a xira de inverno pecharase o sábado 2 de marzo no Teatro Principal de **Pontevedra**.

Maneiro móstrase “moi ilusionado” por comezar esta serie de directos polas catro provincias logo da presentación oficial que tivo lugar, o pasado mes de xuño, na Sala Capitol. Agora, o cantante poderá compartir co seu público os temas do seu cuarto disco, no que asume tanto a autoría da música coma das letras. Sobre o escenario, Maneiro acompañarase dunha banda conformada por Manu Rey (batería), Pachi Cruz (baixo), Rubén Cores (guitarra), Fernando Calvo (Guitarra) e Iria Iglesias (teclados).

Os billetes (10 euros máis gastos de xestión) para asistir aos concertos de presentación de *Un bonito despertar* pódense adquirir desde hoxe mesmo a través das plataformas www.enterticket.es (para os directos de Boiro, A Coruña, Lugo e Vigo) e www.ataquilla.com (Ourense, Pontevedra e, proximamente, Ferrol).

Biografía Maneiro

Javi Maneiro é natural da Pobra do Caramiñal, mais reside en Ribeira desde hai 25 anos. Coñecido por ser vocalista de bandas como Heredeiros da Crus e Jabón Blue, no 2014 inicia a súa carreira en solitario, unha traxectoria que compaxinou co seu traballo nunha fábrica de conservas. No 2017 lanza o seu primeiro LP *Furtivos* e, dous anos despois, o segundo, *Acaricia mis arrugas*. A capacidade de composición de Maneiro é sorprendente: tan só un ano despois, no 2020, publica un disco acústico en formato videoálbum, *Palabras de un desconocido*.

No 2021, para celebrar os seus 30 anos na música, comeza a traballar no que será o seu cuarto disco, *Un bonito despertar*; mais no medio da gravación do disco e da xira con Heredeiros, sofre un accidente cerebrovascular. Logo do seu lanzamento o pasado mes de maio, da presentación ao vivo na Sala Capitol de Santiago no mes de xuño e dunha coidada recuperación ao longo destes meses, Maneiro iniciará o vindeiro 3 de febreiro unha xira de ateigada de vitalidade e entusiasmo polas salas de concertos e teatros de Galicia.

Datas e enlaces das entradas - Xira de presentación *Un bonito despertar*

03.02.2024 [Boiro](#) | A Pousada das Galicia Imaxinaria, 22.00 horas

04.02.2024 [Ourense](#) | Teatro Principal, 20.00 horas

17.02.2024 [A Coruña](#) | Playa Club, 22.30 horas

18.02.2024 [Lugo](#) | Sala Jagger, 19.00 horas

24.02.2024 [Vigo](#) | Master Club, 22.30 horas

25.02.2024 **Ferrol** | Centro Torrente Ballester, 19.00 horas

02.03.2024 [Pontevedra](#) | Teatro Principal, 22.00 horas

Contacto de prensa Maneiro (entrevistas, acreditacións, etc.)

Lucía Pita | 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Descarga o [kit de prensa da xira](#) ‘Un bonito despertar’